

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN E AVALIACIÓN

Ó longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación antes da avaliación ordinaria. **Na calificación destas tres avaliacións parciais terase en conta:**

A) A media das notas obtidas nos exames realizado ó longo da avaliación. O número de probas escritas por cada avaliación poderá variar aínda que comunmente serán dúas. A media da nota obtida nos exames **será o 80% da nota total** da avaliación.

B) O traballo na aula (participación, tarefas, actividades, proxectos...) **terá unha valoración do 20%** da nota final da avaliación e será rexistrado polo profesorado.

Na calificación dos exames valoraranse non só os **contidos** senón tamén a **corrección formal** (limpeza, marxes, caligrafía, espazos interlineais e entre os parágrafos, sangrías...), a **expresión léxica, gramatical e ortográfica** (as faltas de ortografía serán sancionadas con -0,10 puntos ata un máximo de 1 punto).

RECUPERACIÓN:

O alumnado que non supere unha avaliación parcial terá un **exame de recuperación** cos mesmos contidos e características que os realizados durante a avaliación, en data fixada polo profesorado.

O alumnado que a final de curso teña unha avaliación suspensa con tres (3) ou menos e non recuperada nas probas terá que recuperar no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, pero se unha avaliación está suspensa cun 4 e a media coas outras dúas é de cinco (5) ou máis a materia queda superada, sempre e cando o traballo diario supere o 50% da calificación máxima posible.

ADVERTENCIA:

Se un alumno ou alumna, sen causa debidamente xustificada, non se presenta a un exame, considerarase que declina no seu dereito a ser examinado da materia e, por tanto, será cualificado cun cero. Poderá examinarse da materia obxecto do exame que non realizou cando se faga un novo exame da mesma (recuperación, final ou convocatoria extraordinaria). **Se o motivo da ausencia ó exame está xustificado de forma oficial, poderá realizar, se é posible, o exame noutra data ou facelo de forma oral por videoconferencia.**

Se un alumno/a, sen causa xustificada, chega tarde a un exame disporá só do tempo que reste para a finalización do mesmo. E se no exame final de xuño ou no da convocatoria extraordinaria non se presenta á hora establecida, non se lle realizará outro.

Se unha alumna ou alumno copia por calquera medio (libro, apuntamentos, *chuletas*, móbil, reloxo...) **ou introduce folios xa escritos nun exame será cualificado cun cero nese exame.** Poderá repetilo cando corresponda (recuperación ou exame previo á avaliación ordinaria).

CALIFICACIÓN E AVALIACIÓN / XEOGRAFÍA E HISTORIA / CURSO 2022-23			
1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN	AVALIACIÓN FINAL
PROBAS ESCRITAS 80% TRABALLO DIARIO 20 % RECUPERACIÓN: XANEIRO Aprobado: 5	PROBAS ESCRITAS 80% TRABALLO DIARIO 20 % RECUPERACIÓN: ABRIL Aprobado: 5	PROBAS ESCRITAS 80% TRABALLO DIARIO 20 % RECUPERACIÓN: XUÑO Aprobado: 5	Alumnado coa materia aprobada: Media das tres avaliacións e traballo diario entre a terceira avaliación e a final. Alumnado coa materia suspensa: PROBA ESCRITA FINAL 80% ACTIVIDADES 20 % Aprobado: 5 A media da calificación das tres avaliacións parciais, redondeando a partir do 0,5 á cifra superior sempre que a o seguimento do traballo diario do alumnado amose uns resultados maioritariamente positivos

AVALIACIÓN ORDINARIA:

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de xuño dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.

ALUMNADO COA MATERIA SUSPENSA: o alumnado, que tras a terceira avaliación parcial teña a materia suspensa, terá que realizar actividades de apoio, reforzo e recuperación que serán elaboradas polo profesorado e que se traballarán na aula. Ditas actividades terán coma finalidade fundamental a preparación da proba final de recuperación. Para a superación da materia, o alumnado deberá realizar unha proba escrita onde será avaliado dos contidos mínimos establecidos no curso. Para a superación desta proba e a recuperación da materia terá que obter unha nota igual ou superior a un 5.

Na nota da avaliación final, ao igual que se fixo durante as avaliacións do curso, as actividades terán unha ponderación do 20% e a cualificación do exame un 80%.

ALUMNADO COA MATERIA APROBADA: o alumnado, que tras a terceira avaliación parcial teña a materia aprobada, terá que realizar unas actividades de reforzo e ampliación que serán elaboradas polo profesorado e que se traballarán na aula. Buscarán, principalmente, reforzar aqueles aspectos da materia tratados dun xeito máis tanxencial ou non tratados ao longo do curso. Abordarase insistindo en contidos multimedia e audiovisuais, textos narrativos, cadros...

A **NOTA DA AVALIACIÓN ORDINARIA** será a **media da calificación das tres avaliacións parciais**, redondeando a partir do 0,5 á cifra superior **sempre que a o seguimento do traballo diario do alumnado amose uns resultados maioritariamente positivos**, en ningún caso inferior ao 50% da calificación máxima posible. Este último punto afecta tanto ao alumnado coa materia suspensa como ao alumnado coa materia aprobada.